

CIRCULAR INFORMATIVA PARA ALUMNADO DE 1º ESO

Estimado pai/nai ou titor/a legal:

Como xa saberá, no vindeiro curso implántanse os cambios establecidos na LOMCE nos niveis 2º e 4º de ESO, e 2º de Bacharelato, polo que lle informamos dalgunhas cuestións que poden ser do seu interese.

Libros de texto

Dado que en 2º de ESO cambia o currículo das materias, tamén cambiarán os libros de texto. Seguindo a normativa vixente sobre bancos de libros, vostede poderá **solicitar achegas económicas para a adquisición dos novos libros de texto e achegas para outro material escolar.**

Ambas achegas realizaranse nunha mesma solicitude, que se entregará na Secretaría do centro entre o 18 de maio e o 23 de xuño. Asignaranse mediante unha aplicación informática en función da renda e dalgunha outra circunstancia excepcional.


Para recibilas **é imprescindible devolver os libros mercados a través do cheque** que o/a alumno/a utilizou durante o presente curso. Esta devolución farase no momento da entrega das notas finais. Ese día, o/a alumno/a deberá traer todos os libros que mercara co vale (e ademais poderá entregar voluntariamente os libros mercados sen achegas, que se incorporarán ao fondo solidario do centro). Á vista das notas, se lle recollerán nese momento os libros das materias que teña aprobadas. Poderá levar a casa os das materias suspensas, que serán devoltos o día de entrega de notas en setembro.

Co fin de non sobrecargar de traballo ao centro, pregamos encarecidamente que non soliciten as achegas para mercar libros se a súa renda per cápita supera os 9.000 €, nin as de material escolar se a súa renda supera os 5.400 €. En todo caso, o sistema informático cruzará os datos coa Axencia Tributaria e anulará a solicitude se supera esas rendas.

Matrícula

Recordámoslle que o período de matrícula é do 25 de xuño ao 10 de xullo, ambos os dous incluídos. Para o alumnado que, por ter materias suspensas en xuño, deba matricularse en setembro, o prazo será do 1 ao 10 de setembro.

O Director,



Asdo.: Íñigo Barreiro García

